

Santiago de Compostela, a 27 de Maio de 2011

Estimado/a cooperativista:

Dende a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais estamos a impulsar o proxecto *i+coopera*, dirixido ás cooperativas galegas e que ten como obxectivo **impulsar a investigación**, o **desenvolvemento tecnolóxico** e a **innovación** no sector cooperativista galego.

Con este proxecto queremos poñer a disposición da súa organización e das súas cooperativas asociadas, un amplo conxunto de servizos gratuítos orientados a promover o I+D e a innovación coa finalidade de facer un sector cooperativo máis competitivo e con maior capacidade para afrontar o actual contexto económico.

O conxunto de servizos do proxecto *i+coopera* aos que xa poden acceder as súas cooperativas son os seguintes:

- **Servizo de información:** a través do boletín electrónico, na web e nas redes sociais (facebook, twitter e linkedin) con información sobre as novidades relativas ao cooperativismo e a innovación.
- **Servizo de formación:** para o que están previstos 6 cursos de formación en I+D+i adaptados ao mundo cooperativista en formato semipresencial.
- **Servizo de tutorización de proxectos de I+D+i:** prestando apoio personalizado e asesoramento técnico a aquelas cooperativas que queiran identificar e impulsar proxectos de I+D e innovación.
- **Servizo de dinamización de intercooperación:** posibilitando ás cooperativas poder participar en 8 redes de intercooperación de diferentes temáticas orientadas á definición de iniciativas conxuntas entre as cooperativas.
- **Servizo de divulgación e difusión:** identificando e dando a coñecer casos de éxito en experiencias innovadoras noutras cooperativas galegas, realizando diferentes estudos e guías e organizando xornadas divulgativas.

Dende a Dirección Xeral de Relacións Laborais quero convidalo a que difunda entre as súas cooperativas esta iniciativa para que poidan beneficiarse dos diversos servizos do proxecto *i+coopera*, e fomentar así a innovación e a mellora da competitividade do sector cooperativo galego.

Para unha maior información pode consultar a páxina web do proxecto, www.innovacioncooperativas.com e nos perfís das redes sociais facebook, twitter e linkedin entre outras.

Anticipando as grazas pola túa dedicación, recibe un cordial saúdo,

Director Xeral de Relacións Laborais